

TRABALLO PARA METEOESCOLAS

GRUPO: 1º ESO B

PROFESORA: Eva Vázquez

O alumnado de 1 ESO B fixo un traballo estatístico no terceiro trimestre, empregando os datos recollidos da estación meteorolóxica durante o segundo trimestre.

Este traballo tivo dúas partes ben diferenciadas.

- Unha, na explicamos as táboas de frecuencias e elaboramos, coa axuda da calculadora e en grupos de 3 persoas, unha táboa de frecuencias cos datos das precipitacións acumuladas agrupados en intervalos.
- A segunda parte do traballo foi na aula de informática, despois de explicar os tipos de gráficos estatísticos. Cada grupo tivo que recoller os datos: mililitros de precipitación acumulada, temperatura mínima , temperatura máxima, presión atmosférica e % de humidade, nunha folla de cálculo. Unha vez feito este proceso, aprenderon a agrupar os datos en intervalos e a empregar as ferramentas de reconto para logo facer gráficos, onde amosar de forma visual as medicións feitas durante o trimestre.

A continuación poden ver un dos traballos realizados por un dos grupos.